

O bo poeta pontevedrés que é Domingo Tabuyo, decidiu no ano 2002 apostar tamén pola narrativa. Froito daquel desafío foi a súa novela *Carmín*, que sen pasar desapercibida, non levantou demasiadas paixóns lectoras. Tabuyo repite arestora con outra peza, enmarcable así mesmo no subxénero policial detectivesco. Mais, contrariamente ao que adoitan facer os narradores que en Galicia cultivan o xénero negro e o policial, D.Tabuyo non recunha co seu primeiro detective, senón que crea un novo investigador, o comisario cambadés Sindo Romero, xefe da sección de Investigacións Especiais. Como tal, vese enleado na resolución dunha trama criminal. A investigación do caso dun asasinato que semella estar conectado con outros dous máis, no eixo Madrid –Arousa –Toledo, con esquemas milimetricamente repetidos e con escenarios tan cuspidos que semellan fotocopias.


Despois de dar moitos paos de cego, por se soa a frauta e atopa a pista definitiva, unha repentina intuición de Sindo Romero, allea á esa lóxica das máquinas de pensar que acostuman ser os detectives máis modelícos, permítelle resolver o enigma: unha conspiración de terrorismo biolóxico e terrorismo de estado, non por suposto a nivel dos responsables políticos do Ministerio de Interior, senón, como sempre, doutros mandos intermedios, que pensan que o fin xustifica os medios.

No haber da novela de Tabuyo re-

De consumo rápido

Ausencia dun relato crítico

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS



xistro as clásicas convencións do xénero detectivesco: a investigación como elemento estruturador, aínda que, como acabo de dicir, o éxito da pescuda é consecuencia dunha re-

pentina intuición; o entretemento e a lectura fácil, unha certa narratividade e unha acaída atmosfera de suspense que tira do lector. Novela pois de consumo rápido, pero pouco máis. O “últimísimo” desenlace seméllame precipitado. Os personaxes son planos e sen as complexidades dun ser real, agás eses lóstregos de señardade que, de cando en vez, prenden no comisario. É o único acontecemento que interrompe esta sorte de señorío da

*Personaxes
planos, carentes
das complexidades
dun ser real*

acción pola acción. Innecesarias así mesmo para o desenvolvemento da historia e a caracterización dos personaxes, certas referencias gabanciosas –sería o mesmo se fosen de censura– a algúns persoeiros políticos da mesma militancia política que a do autor. Menos prescindibles, porén, o ausente retrato crítico da sociedade e a introspección psicolóxica dos personaxes, que son os elementos que converten un relato detectivesco en novela negra. TABUYO, Domingo, *Svea Kött (carne sueca)*, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP 16, 15 €